



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 11 de marzo de 2020

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás dezoito horas e trinta minutos do día once de marzo de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(172).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(173).- ACORDO DE NON CELEBRACIÓN DO CONTRATO DE PATROCINIO PUBLICITARIO PARA A “GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2020” ORGANIZADA POR FARO DE VIGO, S.A.U. EXPTE. 17866/101.

Visto o informe de fiscalización de data 11/03/2020, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a concelleira-delegada da Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o a contratación por procedemento negociado sen publicidade do patrocinio publicitario da “XXI GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2020” organizada por FARO DE VIGO, S.A.U., aprobado en data 27 de febreiro de 2020 (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 27 de febreiro de 2020 a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación por procedemento negociado sen publicidade do patrocinio publicitario da XXI GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SUA COMARCA 2020.

Segundo.- En data 6 de marzo a XGL acordou adxudicar a FARO DE VIGO, S.A.U., este procedemento por un prezo de 75.000,00 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 13.016,53 euros. Estando prevista a súa formalización o día 11 de marzo de 2020.

Terceiro.- En data 11 de marzo de 2020, o Xefe do Servizo de Deportes-Director deportivo, na súa calidade de responsable do contrato, pon de manifesto a conveniencia de non celebrar a gala por mor da epidemia do coronavirus COVID-2019 que esta padecendo España neste momento, que aconsella evitar actos públicos con grandes concentracións de persoas.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS DE DEREITO

-I-

DA DESISTENCIA E DA DECISIÓN DE NON ADXUDICAR OU NON CELEBRAR O CONTRATO

A nosa lexislación contractual permite ó órgano de contratación desistir do procedemento de adxudicación ou adoptar a decisión de non adxudicar ou non celebrar un contrato en determinados supostos.

Para poder adoptar un destes acordos é preciso que se cumpran os seguintes requisitos (artigo 152 LCSP):

1. Que se acorde polo órgano de contratación antes da formalización do contrato.
2. Que estea fundado:
 - Nunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, no caso da desistencia.
 - En razóns de interese público, no caso da decisión de non adxudicar ou non celebrar un contrato.
3. Que se xustifique no expediente a concorrencia da causa.

No caso que nos ocupa o responsable do contrato de patrocinio publicitario da XXI GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2020 solicita a cancelación da mesma por mor da epidemia por coronavirus que está sufrindo España.

A xuízo da informante procede adoptar a decisión de non celebrar o contrato posto que este xa foi adxudicado.

-II-

DA CONCORRENCIA DOS REQUISITOS LEGAIS PARA ACORDAR A DECISIÓN DE NON CELEBRAR O CONTRATO

Analizaremos a continuación a concorrencia dos requisitos esixidos na lei para adoptar a decisión de non celebración do contrato no suposto que nos ocupa:

a) Non formalización do contrato:

Queda acreditado no expediente que o contrato todavía non se formalizou.

b) Causa:

A causa alegada para a decisión de non celebrar o contrato está fundada en razóns de interese público. O noso país está sufrindo unha epidemia por coronavirus COVID-2019. Para evitar a expansión do virus, as autoridades públicas e sanitarias recomendan evitar actos públicos con grandes concentracións de persoas. O limiar establececese en 1.000 persoas.

O obxecto deste contrato é o patrocinio da celebración dunha gala á que se prevé precisamente a asistencia de 1.000 persoas. A cláusula 30ª do PCAP, que regula o aforo no seu apartado primeiro, prevé que “O local da gala disporá dun aforo mínimo de 1.000 persoas sentadas en cadeiras”.

É preciso por de manifesto, así mesmo, que o contrato que nos ocupa é un contrato privado de patrocinio. Co mesmo se persegue dar relevancia ó Concello de Vigo como entidade comprometida co deporte, e así se manifesta no informe de necesidade e idoneidade deste Contrato o configuralo como un “medio de consolidar a marca cidade de Vigo como cidade do deporte, consolidando e robustecendo o sistema económico-social da cidade”. E aínda que este obxectivo perséguese non so co acto en si da gala senón tamén con todas accións de difusión asociadas á mesma, o certo é que a notoriedade perseguida con este patrocinio perderíase notablemente se non se celebra o evento. Así o pon de manifesto o responsable do contrato na dilixencia de data 11 de marzo de 2020 na que se solicita a súa cancelación.

c) Xustificación da causa:

Coa exposición da concorrencia desta causa se cumpriría o último dos requisitos legais para poder acordar a decisión de non celebración dun procedemento de contratación.

A lexislación contractual impón a administración contratante a obriga de notificar o desestimento do procedemento ós candidatos ou licitadores participantes no mesmo (artigo 152.1 LCSP).

-III-

DOS EFECTOS DO ACORDO DE NON CELEBRACIÓN DO CONTRATO

A lexislación contractual impón a administración contratante a obriga de notificar a decisión de non adxudicación do procedemento ós candidatos ou licitadores participantes no mesmo.

Así mesmo, deberá informarse a Comisión Europea cando o contrato tiña sido anunciado no DOUE, circunstancia que non concorre no presente caso(artigo 152.1 LCSP).

Deberá compensarse ós licitadores ou candidatos aptos para participar na licitación dos gastos nos que houberen incorrido na forma prevista no PCAP (artigo 152.2 LCSP). O PCAP establece na cláusula 12.2 que “En caso de que o órgano de contratación acorde non adxudicar ou non celebrar o contrato, ou a súa desistencia, compensarase ao licitador polos gastos nos que tivese incorrido (artigo 152 LCSP). Iso no entanto, esta indemnización non superará en ningún caso a cantidade de 100 euros”.

A decisión de non adxudicar ou non celebrar o contrato por razóns de interese público impedirá que se promova unha nova licitación do seu obxecto en tanto subsistan as razóns alegadas para fundamentar a decisión (artigo 152.3 LCSP).



Concello de Vigo

-IV-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

ACORDO

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Decidir non celebrar o contrato do patrocinio publicitario da “XXI GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2020” organizada por FARO DE VIGO, S.A.U. (expediente 17866-101) polas razóns expostas no fundamento xurídico segundo do presente escrito.

2º.- Compensar a FARO DE VIGO, S.A.U., coa cantidade de 100 euros polos gastos incorridos por mor do citado procedemento.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(174).- ACORDO DE NON CELEBRACIÓN DO CONTRATO DE PATROCINIO PUBLICITARIO PARA A CELEBRACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “VIGO OPEN 2020 DO CIRCUÍTO WORLD PADEL TOUR” ORGANIZADO POR SETPOINT EVENTS S.A. EXPTE. 19429/333.

Visto o informe de fiscalización de data 11/03/2020, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a concelleira-delegada da Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o a contratación por procedemento negociado sen publicidade do patrocinio publicitario para a celebración do evento deportivo “VIGO OPEN 2020-WORLD PADEL TOUR” ORGANIZADO POR SETPOINT EVENTS, S.A., aprobado en data 27 de febreiro de 2020 (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 27 de febreiro de 2020 a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación por procedemento negociado sen publicidade do patrocinio publicitario para a celebración do evento deportivo “VIGO OPEN 2020-WORLD PADEL TOUR” ORGANIZADO POR SETPOINT EVENTS, S.A., aprobou o gasto e acordou o inicio da licitación.

Segundo.- En data 11 de marzo de 2020, o Xefe do Servizo de Deportes-Director deportivo, na súa calidade de responsable do contrato, pon de manifesto a conveniencia de non celebrar o torneo por mor da situación xerada pola evolución do coronavirus COVID-2019 que esta padecendo España neste momento, que aconsella evitar actos públicos con grandes concentracións de persoas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

-I-

DA DESISTENCIA E DA DECISIÓN DE NON ADXUDICAR OU NON CELEBRAR O CONTRATO

A nosa lexislación contractual permite ó órgano de contratación desistir do procedemento de adxudicación ou adoptar a decisión de non adxudicar ou non celebrar un contrato en determinados supostos.

Para poder adoptar un destes acordos é preciso que se cumpran os seguintes requisitos (artigo 152 LCSP):

1. Que se acorde polo órgano de contratación antes da formalización do contrato.
2. Que estea fundado:
 - Nunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, no caso da desistencia.
 - En razóns de interese público, no caso da decisión de non adxudicar ou non celebrar un contrato.



Concello de Vigo

3. Que se xustifique no expediente a concorrencia da causa.

No caso que nos ocupa o responsable do contrato de patrocinio publicitario para a celebración do evento deportivo "VIGO OPEN 2020-WORLD PADEL TOUR" solicita a cancelación da mesma por mor da situación xerada pola evolución do coronavirus COVID-2019 en España.

A xuízo da informante procede adoptar a decisión de non adxudicar o contrato posto que aínda está en prazo de presentación de ofertas.

-II-

DA CONCORRENCIA DOS REQUISITOS LEGAIS PARA ACORDAR A DECISIÓN DE NON ADXUDICAR O CONTRATO

Analizaremos a continuación a concorrencia dos requisitos esixidos na lei para adoptar a decisión de non adxudicar o contrato no suposto que nos ocupa:

a) Non formalización do contrato:

Queda acreditado no expediente que o contrato aínda non se formalizou.

b) Causa:

A causa alegada para a decisión de non celebrar o contrato está fundada en razóns de interese público, evitar a propagación do coronavirus COVID-2019. Para evitar a expansión do virus, as autoridades públicas e sanitarias recomendan evitar actos públicos con grandes concentracións de persoas (páxina web do Ministerio de Sanidade-actualización 41 de 11.03.2020 www.mscbs.gob.es). O limiar establececese en 1.000 persoas.

O obxecto deste contrato é o patrocinio da celebración dun torneo de padel á que se prevé precisamente a asistencia de 3.000 persoas. Informa o responsable do contrato ó respecto que *"o aforo do Pavillón Central das Travesas no que está prevista a celebración da competición supera os 3.000 localidades, agardándose unha afluencia de público que roce o cheo en determinadas franxas horarias tendo en conta os antecedentes"*.

É preciso por de manifesto, así mesmo, que o contrato que nos ocupa é un contrato privado de patrocinio. Co mesmo se persegue dar relevancia ó Concello de Vigo como entidade comprometida co deporte, e así se manifesta no informe de necesidade e idoneidade deste Contrato ó dicir *"o Concello de Vigo aprobou na sesión ordinaria celebrada o 27 de decembro de 2019 o "Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo". Este plan de dinamización nace da necesidade de impulsar un traballo de planificación e desenvolvemento dos obxectivos básicos do Concello de Vigo en relación coa actividade deportiva. Un destes obxectivos básicos se desenvolve a través da promoción, dinamización, apoio e fomento da actividade deportiva na cidade de Vigo que permita, entre outros, o "apoio a proxectos deportivos" e a "celebración de grandes eventos deportivos na cidade de Vigo"*. E aínda que este obxectivo perséguese non so co acto en si do torneo senón tamén con todas accións de difusión asociadas ó mesmo. O certo é que a notoriedade perseguida con este patrocinio perderíase notablemente se non se celebra o evento. Así o pon de manifesto o responsable do contrato na dilixencia de data 11 de marzo de 2020 na que se solicita a súa cancelación.

c) Xustificación da causa:

Coa exposición da concorrencia desta causa se cumpriría o último dos requisitos legais para poder acordar a decisión de non adxudicar un procedemento de contratación.

A lexislación contractual impón a administración contratante a obriga de notificar o desestímulo do procedemento ós candidatos ou licitadores participantes no mesmo (artigo 152.1 LCSP).

-III-

DOS EFECTOS DO ACORDO DE NON ADXUDICAR O CONTRATO

A lexislación contractual impón a administración contratante a obriga de notificar a decisión de non adxudicación do procedemento ós candidatos ou licitadores participantes no mesmo.

Así mesmo, deberá informarse a Comisión Europea cando o contrato tiña sido anunciado no DOUE, circunstancia que non concorre no presente caso (artigo 152.1 LCSP).

Deberá compensarse ós licitadores ou candidatos aptos para participar na licitación dos gastos nos que houberen incorrido na forma prevista no PCAP (artigo 152.2 LCSP). O PCAP establece na cláusula 12.2 que “En caso de que o órgano de contratación acorde non adxudicar ou non celebrar o contrato, ou a súa desistencia, compensarase ao licitador polos gastos nos que tivese incorrido (artigo 152 LCSP). Iso no entanto, esta indemnización non superará en ningún caso a cantidade de 100 euros”.

A decisión de non adxudicar ou non celebrar o contrato por razóns de interese público impedirá que se promova unha nova licitación do seu obxecto en tanto subsistan as razóns alegadas para fundamentar a decisión (artigo 152.3 LCSP).

-IV-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

ACORDO

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Decidir non celebrar o contrato do patrocinio publicitario do evento deportivo “VIGO OPEN 2020-WORLD PADEL TOUR” organizado por SETPOINT EVENTS, S.A. (expediente 19429-333) polas razóns expostas no fundamento xurídico segundo do presente escrito.

2º.- Compensar a SETPOINT EVENTS, S.A., coa cantidade de 100 euros polos gastos incorridos por mor do citado procedemento.”



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dezaioito horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez